



Terá lugar o sábado 2 de decembro, no tecor da Sociedade de Cazadores Coristanco.

XA SE COÑECEN OS FINALISTAS QUE DISPUTARÁN O XI CAMPIONATO GALEGO DE CAZA DE ARCEAS.

O pasado sábado, cun día desaprachable que en nada axudaba ao desenvolvemento da competición, celebrábanse os Campionatos Provinciais de Caza de Arceas, clasificatorios para a formación das seleccións provinciais que disputarán o Campionato Galego da modalidade.

Provincial da Coruña.

O Provincial da Coruña tiña lugar no tecor da Sociedade A Venatoria de Mañón, e nel participaban 34 cazadores que representaban a outras tantas sociedades da provincia coruñesa.

Primeiro e campión, foi o cazador da Sociedade de Caza *Xubia*, Manuel A. Salido Fernández co can *Ray*, que cazaba unha arcea media hora despois de comeza-la proba, e que sería a única peza cobrada durante a xornada de competición. Os seguintes postos da clasificación houbo que decidilos a chou; así, o segundo lugar ocuparía Juan Carou Rey da Sociedade *Río Sar* co can *Roky*, e terceiro, Constantino Domínguez Agulleiro, da Sociedade *San Mamed* co can *Toby*.

Provincial de Lugo.

Tiña lugar no tecor da Sociedade San Fernando de Trabada, e nel competían 27 cazadores.

Proclamábase campión provincial, cunha arcea, única peza cobrada durante a competición, o cazador Rogelio Gómez García, da Sociedade de Caza *Farnadeiros*, que participaba co can *Lei*. Os seguintes postos foron decididos tamén a chou. Así, sería segundo e subcampión, Antonio Vieites Rodríguez, da Sociedade *O Faisán*, co can *Xela*. E terceiro, o cazador da Sociedade *Caxigueiras*, Francisco Diéguez Sobrado, que participaba co can *Laki*.

Provincial de Ourense.

Disputábase no tecor de Nogueira de Ramuín, e nel participaban 9 cazadores da provincia.

Non se logrou cobrar ningunha *arcea*, polo que se procedeu á realización dun sorteo para determina-la clasificación da proba.

Campión provincial, foi José Antonio Calvo Jorge da Sociedade *O Irixo*, coa cadela *Zona*. Segundo, Aldolfo Muradas Fortes da Sociedade *Avión*, co can *Mel*. E Terceiro, José Luis Méndez Tesouro, de *Maceda*, co can *Dala*.

Provincial de Pontevedra.

Tiña por escenario o tecor da Sociedade de Cazadores Xesta e Seixido (A Lama), e nel participaban 31 cazadores.

Campión foi, Horacio Blanco Pérez, cunha arcea, da Sociedade de Caza *A Tomiñesa*, co can *Raio*. Segundo e subcampión, Antonio Giraldez Martínez (1 arcea), da Sociedade *A Rosaleña*, co can *Nuska*. Terceiro, Javier Filgueiras Grela, da Sociedade *A Tomiñesa*, co can *Barón*, tamén cunha arcea.



XI CAMPIONATO GALEGO DE CAZA DE ARCEAS

Terá lugar o día 2 de decembro, no tecor da Sociedade de Cazadores *Coristanco*. Nel participarán 21 concursantes, clasificados nos respectivos campionatos provinciais (6 pola Coruña, 5 por Lugo, 4 por Ourense, e 6 por Pontevedra) máillo campión galego da pasada edición, *Manuel Rodríguez Quiroga, da Sociedade pontevedresa As tres Bes*.

FINALISTAS:

A selección Provincial da Coruña, formarana: Manuel A. Salido Fernández, Juan Carou Rey, Constantino Domínguez Aguilheiro, Manuel Fariña Coteló, José Vicente Cortés Doce, e Ubaldo Fernández Cendán.

A selección Provincial de Lugo, estará composta por: Rogelio Gómez Rodríguez, Antonio Vieites Rodríguez, Francisco Diéguez Sobrado, Bernardo Traseira Rois, e Andrés Pena Vázquez.

A Selección de Ourense, confórmana: José Antonio Calvo Jorge, Adolfo Muradas Fortes, José Luis Méndez Tesouro e José Carlos Pérez.

O equipo provincial de Pontevedra, estará representado por: Horacio Blanco Pérez, Antonio Giraldez Martínez, Javier Filgueiras Grela, José Luis Alonso Corral, Valentín Álvarez Expósito e José Manuel Souto Álvarez.

HORARIOS:

A concentración de participantes e xuíces, está prevista para as 7,45 horas, no Bar *A Pataca*, en *Coristanco*. Ás 9 horas arrancará a competición oficial que se disputará no tecor C-10195 e que está prevista que remate arredor das 3 da tarde, hora na que se procederá á clausura da competición e entrega de premios tras degustar un xantar de confraternidade no Restaurante *Casa Sánchez*, en Erbecedo (*Coristanco*).

A organización do Campionato corre a cargo da Federación Galega de Caza en colaboración coa Sociedade de Caza *Coristanco*, e da súa dirección encargaranse os Directivos da FGC José Manuel Vidal Lamela e Manuel Feijoo Castro.




O Campión de A Coruña (dereita), Manuel A. Salido Fernández, recolle os respectivos premios



O Campión de Lugo (dereita), Rogelio Gómez Rodríguez, recolle o premio de mans do Presidente do Tecor San Fernando



O Campión de Pontevedra, Horacio Blanco Pérez



José Manuel Vidal, será un dos responsables do equipo organizador do Campionato Galego

Gabinete de Comunicación
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com